

REUNIÓN

Dirección – Comité 27/04/09

Na reunión de hoxe tratáronse entre outros os seguintes temas:

Informe económico 1º trimestre 09

Producción	Estado	Exportación	TOTAL
Picasso	1.055	2.190	3.245
C-4 Picasso	2.139	22.962	25.101
B-9 Berlingo	2.029	21.628	23.657
B-9 Partner	1.256	19.732	20.988
TOTAL XERAL	6.479	66.512	72.991

Confírmase a produción de preto de 25.000 vehículos para o período xuño/outubro polo que a quenda de noite do S-1, prorroga a súa actividade ate finais de xullo.

Debido a esta demanda véñense de formalizar 90 contratos de 4 horas e adscritos a quenda de noite ate finais de xullo, para traballadores que non habendo cumprido o ano de contrato, remataron o pasado mes de outubro.

Durante o mes de maio o S-1 non terá actividade os días 8, 11, 22 e 25. Así mesmo e dentro da primeira semana de xuño haberá dous días máis, a confirmar data.

Pola contra o S-2 non parará a actividade e haberá dúas xornadas de produción en sábado no mes de xuño..

Así mesmo os talleres de ferraxe relacionados con Mangualde non terán actividade os días 8, 11, 22, 25 e 29/05.

ABSENTISMO: A media xeral está no 5,80%

ENFERMIDADES PROFISIONAIS: 3 novas enfermidades que suman un total de 80 con respecto ó persoal en activo.

NOVACIÓNS:- A día de hoxe lévanse feito máis de 200 das 360 previstas.

CONTRATOS RELEVO.- Aqueles traballadores que teñen este contrato uns 100 aproximadamente e que durante o ano 2008 non cumpriron a totalidade da súa xornada váiselles a pagar coa nómina do mes de abril a diferenza.

A C.I.G. xa había feito chegar a Dirección dita anomalía, e facía fincapé en que había talleres onde tiñan responsabilidade directa os RUs. posto que mentres uns traballadores se pasaban da xornada anual polo alongamento sistemático da súa xornada a outros púñase todo tipo de atrancos para facer a mínima xornada diaria.

DIA INTERNACIONAL DA SAÚDE LABORAL.- A Dirección comunícanos que mañá día 28 de abril se vai facer esta conmemoración na que participarán distintas personalidades.

A C.I.G. fixo constar diante da Dirección que agradecemos a invitación pero que non íamos asistir polos motivos expostos nunha carta enviada e a cal faremos pública a través dos taboleiros de información.

VARIOS.- Dentro deste capítulo a C.I.G. fixo chegar unha vez máis a Dirección a súa inquedanza polos problemas que sofren os traballadores de masillas xa que vólvense a pasar as carrozarías sen facer o circuíto de enfriamento. Se isto ocorre agora que aínda non se chegou a época estival, que vai pasar máis adiante?.

A Dirección comprometeuse a traer na próxima reunión un protocolo de actuación.

XUBILACIÓN PARCIAL.- A C.I.G. sigue pedindo que se poña en práctica esta modalidade, unha vez máis estamos a falar de traballadores, con máis de 40 anos de actividade laboral xa que a maioría comezaron a súa andaina ós 14 anos, e necesitados dun ben merecido descanso.

Confederación Intersindical Galega